

Facultade de Enfermaría e Podoloxía



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

TRABALLO DE FIN DE GRAO EN ENFERMARÍA

Curso académico 2020 /2021

**A influencia da comunicación enfermeira no
grao de satisfacción en pacientes
embarazadas e puérperas.**

Soraya Gestal Trigo

Director(es): Valentín Escudero Carranza

Relación cos tutores TRABALLO DE FIN DE GRAO:

Valentín Escudero Carranza

AGRADECEMENTOS

Gustaríame comezar agradecendo á Facultade de Ferrol e o seu profesorado o gran traballo que fixeron, xa que comecei esta carreira con moitas dúbidas e acabei namorándome desta profesión e de todo o que abarca.

Unha especial mención ó meu titor que me axudou a rematar a etapa final destes catro anos de duro traballo. Á miña familia por apoiarme, motivarme e axudarme en todo momento para que isto fose posible. Os grandes compañeiros que fixen tras moitas horas xuntos, e en especial, a unhas amigas que ocupan un lugar grande no meu corazón, Sonia, Fátima e Lucía. Á miña parella que me levantou naqueles intres onde parecía que non podía con todo, e me axudou a ver as cousas de mellor forma.

Moitas grazas a toda esta xente, que fixeron que evolucionara como persoa, axudáronme a madurar e a encamiñar un futuro cada día máis preto.

ÍNDICE

1. RESUMO E PALABRAS CLAVE	5
1.1. SUMMARY AND KEYWORDS	6
1.2. RESUMEN Y PALABRAS CLAVE EN CASTELLANO	7
2. SIGLAS E ACRÓNIMOS	8
3. ANTECEDENTES E ESTADO ACTUAL DO TEMA	8
4. APLICABILIDADE	11
5. PREGUNTA DE INVESTIGACIÓN	12
6. OBXECTIVOS	13
7. METODOLOXÍA	13
7.1. MARCO TEÓRICO	13
i) TIPO DE PARADIGMA E DESEÑO	13
7.2. MARCO EMPÍRICO.....	13
ii) ÁMBITO DO ESTUDO	13
iii) MOSTRA DO ESTUDO.....	14
iv) ENTRADA Ó CAMPO DE INVESTIGACIÓN	14
v) POSICIÓN DO INVESTIGADOR NO PROCESO DE INVESTIGACIÓN E A INCLUSIÓN DOS SEGOS POTENCIAIS	15
vi) RECOLLIDA DE DATOS.....	15
vii) ANÁLISE DE DATOS COAS SÚAS LIMITACIÓNS	16
viii) RIGOR E CREDIBILIDADE	18
8. PLAN DE TRABAÑO	19
9. ASPECTOS ÉTICOS	19
10. PLAN DE DIFUSIÓN DOS RESULTADOS	21
11. FINANCIAMIENTO	22
12. BIBLIOGRAFÍA	24
13. ANEXOS.....	27
14. TÁBOAS.....	36

1. RESUMO E PALABRAS CLAVE

INTRODUCCIÓN

O proceso de converterse en nai está contemplado como un dos máis bonitos na vida, algo moi común pero que aínda así, trae grandes dúbidas e aumento do estrés na vida diaria dos pais.

O persoal sanitario forma parte neste proceso de cara á maternidade xa que estamos presentes en todo o embarazo, formamos parte no momento do parto e tamén do puerperio, o que provoca que, cando os pais teñan dúbidas ou medos se dirixan a nós.

O continuo contacto alimenta a interacción entre persoas, o que nos leva á comunicación, se esta contén un feedback positivo favorecerá o interese dos pacientes para preguntarnos máis dúbidas e así conseguiremos un fluxo de boa información que mellorará moito a satisfacción dos pais.

Pero aínda así, sabendo isto, a relación da comunicación entre pacientes e profesionais segue sendo considerada insuficiente e mellorable nalgúns aspectos.

OBXECTIVO

O obxectivo principal deste proxecto é coñecer desde unha metodoloxía cualitativa de carácter descritivo que influencia, positiva ou negativa, ten a comunicación enfermeira na satisfacción co embarazo e puerperio.

METODOLOXÍA

O paradigma escollido é a investigación con enfoque e perspectiva cualitativa. Paradigma fenomenolóxico descritivo e simbólico. Recollerase información, un mes despois da súa alta, a través de entrevistas en profundidade ás pacientes que estiveran na planta de puerperio do Hospital Materno-Infantil Teresa Herrera de A Coruña.

RESULTADOS ESPERADOS

Os resultados que podemos esperar son a creación de protocolos, guías ou cursos de formación para mellorar as capacidades comunicativas do persoal sanitario para crear un ambiente de satisfacción cada vez maior.

Dar visibilidade á importancia da comunicación en todo o proceso de embarazo, parto e puerperio por parte da enfermaría cara as pacientes.

PALABRAS CLAVE

Comunicación, parto, puerperio, relación profesional-paciente.

1.1. SUMMARY AND KEYWORDS

INTRODUCTION

The process of becoming a mother is considered one of the most beautiful in life, something very common but still brings great doubts and an increase in stress in the parents' daily life. Healthcare personnel are part of this process with regard to motherhood since we are present throughout the pregnancy, we are part of the moment of delivery and also of the puerperium, which means that, when parents have doubts or fears, they turn to us. The continuous contact feeds the interaction between people, which leads us to communication, if it contains positive feedback, it will favor the interest of patients to ask us more questions, thus we will achieve a better information flow, which will greatly improve patient satisfaction. fathers.

But even so knowing this, the communication relationship between patients and professionals is still considered insufficient in some aspects.

OBJECTIVE

The main objective of this project is to know from a qualitative methodology of a descriptive nature what influence, positive or negative, nursing communication has on satisfaction with pregnancy and the puerperium.

METHODOLOGY

The paradigm chosen is research with a qualitative focus and perspective. Descriptive and symbolic phenomenological paradigm. Information will be collected through in-depth interviews with patients who have been in the puerperium plant of the Teresa Herrera Maternal and Child Hospital in A Coruña, one month after discharge.

EXPECTED RESULTS

The results we can expect are the creation of protocols, guides or training courses to improve the communication skills of healthcare personnel to create an environment of increasing satisfaction.

Giving visibility to the importance of communication in the entire process of pregnancy, childbirth and the puerperium by the nursing staff towards patients

KEY WORDS

Communication, childbirth, puerperium, professional-patient relationship.

1.2. RESUMEN Y PALABRAS CLAVE EN CASTELLANO

INTRODUCCIÓN

El proceso de convertirse en madre está contemplado como uno de los más bonitos en la vida, algo muy común pero que aún así trae grandes dudas y un aumento del estrés en la vida diaria de los padres.

El personal sanitario forma parte de este proceso de cara a la maternidad ya que estamos presentes en todo el embarazo, formamos parte en el momento del parto y también del puerperio, lo que provoca que, cuando los padres tengan dudas o miedos se dirijan a nosotros.

El continuo contacto alimenta la interacción entre personas, lo que nos lleva a la comunicación, si ésta contiene un feedback positivo favorecerá al interés de los pacientes para preguntarnos más dudas, así conseguiremos un flujo de buena información que mejorará mucho la satisfacción de los padres.

Pero aún así, sabiendo esto, la relación de la comunicación entre pacientes y profesionales sigue siendo considerada insuficiente en algunos aspectos.

OBJETIVO

El objetivo principal de este proyecto es conocer desde una metodología cualitativa de carácter descriptivo que influencia, positiva o negativa, tiene la comunicación enfermera en la satisfacción con el embarazo y el puerperio.

METODOLOGÍA

El paradigma escogido es la investigación con enfoque y perspectiva cualitativa. Paradigma fenomenológico descriptivo y simbólico. Se recogerá información, un mes después de recibir el alta, a través de entrevistas en profundidad a las pacientes que fueron atendidas en la planta de puerperio del Hospital Materno-Infantil Teresa Herrera de A Coruña.

RESULTADOS ESPERADOS

Creación de protocolos, guías o cursos de formación para mejorar las capacidades comunicativas del personal sanitario para crear un ambiente de satisfacción cada vez mayor.

Dar visibilidad a la importancia de la comunicación en todo el proceso del embarazo, parto y puerperio por parte de enfermería de cara a las pacientes.

PALABRAS CLAVE

Comunicación, parto, puerperio, relación profesional-paciente.

2. SIGLAS E ACRÓNIMOS

UDC: Universidade de A Coruña

SERGAS: Servicio Galego de Saúde

OMS: Organización Mundial da Saúde

CAEIG: Comité Ético de Investigación de Galicia

3. ANTECEDENTES E ESTADO ACTUAL DO TEMA

A benvinda ó mundo dun novo membro, o goce da maternidade e da paternidade e a evolución cara a unha nova etapa na vida familiar e social trae consigo multitude de sentimentos positivos e está contemplado como un dos momentos máis bonitos e únicos na vida.

Un gran acontecemento para a parella e tamén para a súa familia, pero todo isto tamén conleva situacións de gran estrés para as xestantes.

O embarazo, parto e puerperio evolucionaron xunto ca sociedade e a sanidade, contemplándose no Servicio Nacional da Saúde Española como un dereito á “Saúde Reprodutiva” durante o período xestacional, este recomenda que se realicen controis periódicos e programados para valorar o estado de saúde da xestante e o seu embarazo e actuar ante calquera alteración das circunstancias cun tratamento específico. (1)

Este proceso está acompañado de cambios no estado de ánimo, que poden ser tanto positivos como negativos. Isto débese a que o organismo está envolto en cambios físicos e fisiolóxicos, habendo un desequilibrio hormonal que facilita cambios frecuentes de humor, angustia, medo e outras alteracións do comportamento que se poden ver aumentados tamén por factores da personalidade e que se acentúan sobre todo no período do parto e do postparto, (1-2) iso sumado á presenza dos profesionais sanitarios durante todo o proceso fai que a comunicación se volva un aspecto moi importante, para facilitar a transición á maternidade.

Na maioría dos casos o embarazo prodúcese de maneira natural sen complicacións, nel soen influír moitos factores e a gran maioría están relacionados co persoal sanitario. Unha boa comunicación, a miúdo, pode axudar a que se produza de maneira satisfactoria e gozosa xa que algunhas das queixas de familiares e usuarios, están principalmente relacionadas con cuestións comunicacionais. (3)

A Organización Mundial da Saúde (OMS), nas súas recomendacións para unha atención prenatal e unha experiencia positiva do embarazo, exponnos que é necesaria a promoción e prevención da saúde, así como tamén unha pronta detección de afeccións onde o benestar persoal e familiar sexan unha prioridade, e dentro deste benestar tamén debe de ir incluída unha boa comunicación, ó igual que Virginia Henderson nos conta que dentro das súas 14 necesidades, se encontra a comunicación, destacando así a importancia que cobra a enfermaría á hora de relacionarse directamente co paciente, expresando sentimentos e emocións. (4)

A comunicación inclúe aspectos e niveis moi diferentes, como son:

- Comunicación non verbal: expresión facial, mirada, xestos, proximidade, tono postural, aparencia...
- Comunicación paralingüística: tono da voz, volume, inflexións, ritmo, calidade...
- Comunicación verbal: duración, xeneralidade, formalidade, variedade de humor...
- Percepcións do ambiente: ambiente cálido, privado, percepcións da distancia.

A comunicación é un proceso continuo e dinámico entre persoas, onde o emisor lle manifesta ó receptor e este esperase que o receptor lle reflexe (feedback) o que captou tanto en contido verbal como sentimental. Segundo estudos, a enfermaría debería de estar academicamente formada á hora de enfrontarse a todo tipo de relacións, e así, como profesionais que son ter unha mellor facilidade de uso de técnicas de comunicación e habilidades sociais, como son a empatía e a escoita activa, por exemplo. (5)

Esa interacción debe ser algo planificado e individualizado e non realizada de maneira intuitiva ou impulsiva; a escoita empática e o diálogo interactivo ca nai son puntos importantes que deben abordar as súas preocupacións, (6) por iso a formación neste ámbito ou protocolos de actuación servirían de gran axuda.

O SERGAS si que recolle en diversos protocolos algúns temas relacionados ca comunicación como por exemplo, no protocolo de “Na estratexia a un parto normal” menciónase a necesidade de favorecer un clima de confianza, seguridade e intimidade, respectando a privacidade, dignidade e confidencialidade das mulleres.(7)

Noutros tamén se fala de que as intervencións que poden provocar unha desconexión do proceso e que se deben de evitar son: luces intensas, medo, observadores externos, falta de compañía, preguntas que fagan pensar, comentarios de calquera tipo, especialmente aqueles que poidan ser sobre problemas que aínda non sucederon, non informar, non presentarse, irromper na habitación sen tocar á porta ou non solicitar consentimentos.

Para mellorar isto, débese un presentar ó entrar e explicar sempre os procedementos cos seus respectivos consentimentos, transmitir confianza sentándonos preto, con contacto visual, falar amodo e evitar provocar ansiedades con informacións innecesarias, sorrir.. (8).

Débese coidar o ambiente psicoactivo e dar información á muller en todo o proceso, pero antes de informar debemos escoitar as súas percepcións e as dos seus acompañantes, sobre os acontecementos, expectativas, ideas, preferencias (9), e que así, mediante un proceso de comunicación e soporte emocional, se sinta implicada, para poder decidir e manter o control sobre o proceso do embarazo e do parto, que son factores que se relacionan coa satisfacción. (10)

É moi importante dispoñer da información adecuada, suficiente, individualizada, holística, continua e saber emitila no momento oportuno, para así capacitar e empoderar a estas nais e que participen activamente no seu embarazo, que teñan a posibilidade de comentar cos sanitarios as opcións existentes, favorecendo así procesos interactivos muller-parexa-profesional sanitario e decidir tratamentos e prácticas que consideren mellor para elas, isto acércanos ós profesionais e ás mellores prácticas existentes para lograr os mellores resultados. (7-11)

Pero aínda así, sabendo todo isto, a comunicación entre pacientes e profesionais segue sendo considerada deficiente ou mellorable, recolléndose queixas; como non recibir información ou non facer partícipes ás pacientes, non ter apoio, ou non percibir empatía, razóns moi comúns que describen un encontro profesional negativo (12) . Separando por etapas encontrámonos con que o parto se asocia con dor e desesperación, a alta

hospitalaria en ocasións vese como cedo, e o tempo de consultas escaso, sobretudo na lactancia materna que é onde as nais demandan máis apoio, xa que se vive como unha situación moi dura e con moita presión. (13-14)

Estudios cualitativos realizados a pacientes mediante entrevistas revélanos como xa se expuxo anteriormente que teñen sentimentos de angustia e incredulidade, mostrándose sensibles cara a todo, refiren que a información por parte dos profesionais é escasa, tamén contraditoria nalgúns ocasións, o que provoca un aumento dos sentimentos negativos.

Expresan a necesidade de maior apoio e comprensión, maior calidade e cantidade de información, que non vén factible xa que opinan que as visitas se fan cortas. (14-15)

Polo tanto, o obxectivo desde este proxecto é valorar a satisfacción da comunicación cos profesionais sanitarios durante o embarazo, parto e puerperio no Hospital Materno Infantil Teresa Herrera de A Coruña, saber así que impacto provoca nestas pacientes, detectar puntos nos que se poida mellorar e así, máis adiante abordar melloras para que se chegue a calificar a comunicación como moi satisfactoria.

4. APLICABILIDADE

Son moi abundantes os momentos nos cales as embarazadas e puérperas entran en contacto con profesionais sanitarios. Estes deben estar preparados para ser empáticos, realizar escoitas activas, dar apoio moral e saber ser asertivos, aínda que estas técnicas poden ser esquecidas en ocasións, provocando desta maneira unha atención de menor calidade en canto á relación terapéutica.

Con este estudo preténdese acadar información sobre a satisfacción da devandita comunicación no proceso de atención durante o embarazo e puerperio e así detectar aqueles puntos nos que vacila para que sirva de precedente, e así mellorar para acadar unha boa atención por parte do profesional. Na información lida ata agora, a comunicación parece satisfactoria ata o momento do parto (14), onde as pacientes parecen desenvolver sentimentos máis negativos; tamén no puerperio, máis chamativamente na axuda á lactancia materna onde comentan a falta de axuda por parte dalgúns profesionais.

O proxecto servirá para aumentar a concienciación e reflexión entre os profesionais sobre o importante que é a comunicación para os pacientes aínda que non sexa unha gran prioridade nos coidados por parte da enfermaría.

5. PREGUNTA DE INVESTIGACIÓN

É evidente que a maternidade ocasiona moitas dúbidas e o persoal sanitario son as persoas calificadas para solventalas, pero aínda así a lactancia materna exclusiva por exemplo, alónxase dos estándares propostos a nivel mundial (16), o que transmiten esas nais é falta de apoio ante as súas dúbidas e inseguridades (14), polo tanto lévanos a pensar, é satisfactoria e suficiente a comunicación durante o embarazo e o puerperio?

Pregunta de investigación formulada mediante o deseño de Hudson-Barr, respondendo ás 6W, tal e como se ve na seguinte táboa:

What? Qué?	Analizar a percepción das pacientes que pasaron por puerperio sobre as competencias en comunicación dos profesionais sanitarios
Who? A quen ou a qué?	Ás mulleres que foron dadas de alta no servizo de puerperio
When? Cando?	Dende Setembro de 2020 a Xuño de 2021
Where? Ónde?	No Hospital Materno-Infantil Teresa Herrera de A Coruña
Why? Por qué?	Para coñecer as habilidades comunicativas do persoal, saber onde falla para así poder mellorar
How? Cómo?	Enfoque fenomenolóxico, levaranse a cabo entrevistas.
Pregunta Final	É satisfactoria a comunicación para as embarazadas e puérperas por parte dos profesionais sanitarios?

Táboa I

6. OBXECTIVOS

Analizar a comunicación entre profesional-paciente e como a perciben os pacientes.

Grao de satisfacción.

Impacto que ten a comunicación no proceso de atención enfermeira a nivel emocional do paciente.

7. METODOLOXÍA

7.1. MARCO TEÓRICO

i) TIPO DE PARADIGMA E DESEÑO

O paradigma escollido é a investigación con enfoque e perspectiva cualitativa. Este enfoque permitiranos entrar en profundidade na comunicación do embarazo e puerperio, logrando unha visión holística das experiencias durante o proceso de cara á maternidade por parte das voluntarias, describindo e entendendo o que sinten e pensan. Este método constitúe procesos rigorosos e coherentes das dimensións éticas da experiencia cotiá, dificilmente accesibles por outros métodos de investigación, permitiranos así explorar a conciencia do participante e entender a súa esencia, como percibe a vida a través das súas experiencias. (17)

O método de recollida de datos escollido serán as entrevistas en profundidade. Que se definen como unha conversación que se propón cun fin determinado distinto ó simple feito de conversar. (18)

7.2. MARCO EMPÍRICO

ii) ÁMBITO DO ESTUDO

O estudo levarase a cabo cas pacientes do Hospital Teresa Herrera de A Coruña un mes despois da súa alta. A selección de pacientes será de modo intencional.

Tamaño da mostra: realizar entrevistas ata conseguir saturación de información.

Criterios de exclusión e de inclusión:

Inclusión:

-Púerperas, primíparas con parto eutócico ou con parto instrumentado mediante ventosa e cesáreas non urxentes.

Exclusión:

-Coñecer ou ter contacto cos profesionais que atenderon o proceso fora do ámbito sanitario para evitar tratos de favor no coidado e comunicación e así procurar unha atención enfermeira neutra.

-Os investigadores non deben de ter contacto profesional cas participantes para evitar posibles prexuízos ou sesgos que poideran ocasionarse por ter contactos previos.

iii) MOSTRA DO ESTUDO

A mostra obtense dos datos das altas hospitalarias. A maneira de acceder ás participantes pode ser a través de informantes da unidade de puerperio no Hospital Teresa Herrera de A Coruña, preseleccionando ás nais participantes aquí, segundo a súa historia clínica.

iv) ENTRADA Ó CAMPO DE INVESTIGACIÓN

Unha vez aceptados os trámites do comité de ética, o segundo paso será poñernos en contacto co Hospital Materno Infantil, onde contactaremos cos responsables de investigación do Hospital e ca directora de procesos, a cal será encargada de informar ó xefe de servizo e este, á supervisora de puerperio.

Así permitíranos o acceso, contactaremos cas pacientes no día da súa alta ou posteriormente para non xerar unha influencia á hora da entrevista, explicarémolle o noso obxectivo de valorar a comunicación cos profesionais para así ver os puntos débiles e poder trazar un plan o día de mañá para mellorar as posibles deficiencias.

Tamén se poden entregar folletos informativos á súa alta.

Realizaremos estes folletos dunha forma visual e atractiva para atraer o interese de participantes.

Comezaremos o proceso de selección a través dos seus historiais clínicos para confirmar os criterios de inclusión e de exclusión, e a partir de aí realizaremos entrevistas hasta chegar a saturación da información.

v) POSICIÓN DO INVESTIGADOR NO PROCESO DE INVESTIGACIÓN E A INCLUSIÓN DOS SEGOS POTENCIAIS

A investigadora é unha estudante de 4º de Enfermaría da Facultade de Enfermaría e Podoloxía de Ferrol, Universidade da Coruña.

Durante o meu paso pola carreira e as prácticas clínicas puiden observar que había situacións onde a comunicación fallaba, comunicación entre o paciente e o persoal sanitario.

A interacción entre paciente-enfermeira limitábase ó mínimo en variedade de ocasións, a saúdos e ós coidados necesarios, multitude de veces entraba persoal sanitario nas habitacións que non se presentaba, apreciando que os pacientes se sentían perdidos, sen saber a quen dirixirse, presentar as súas dúbidas ou inquietudes. Tamén observei que previamente a unha práctica se pide o consentimento informado, pero non se dan máis opcións, nin se baraxa a posibilidade de que hai prácticas que podería ser doutra forma se o paciente o desexase.

Sacando conclusións non tiña moi claro se era que pola carga de traballo non querían profundizar en moitos temas para non “perder” tempo ou era que non manexaban ben moita información e así preferían non dar datos ou consellos erróneos, desta maneira era moi común sentir nunha conversación que outro profesional como o médico llo explicaría de mellor forma.

vi) RECOLLIDA DE DATOS

A técnica que mellor se adapta á recollida de datos nunha investigación cualitativa son as entrevistas. Para autores como o sociólogo español Alonso, (19) “a entrevista de investigación é unha conversación entre dúas persoas, un entrevistador e un informante, dirixida e rexistrada polo entrevistador co propósito de favorecer a produción dun discurso conversacional, continuo e cunha certa liña argumental, non fragmentado, segmentado,

precodificado e cerrado por un cuestionario previo do entrevistado sobre un tema definido no marco dunha investigación.”

As entrevistas serán semiestruturadas, estarán definidas previamente nun guión (ANEXO I), pero a secuencia pode variar dependendo do entrevistado, e realizaranse en profundidade, onde irán emerxendo as respostas e irase indagando nelas se son de interese para o entrevistador.

Con esta técnica pretendemos chegar en profundidade ó fenómeno estudado, escoitando ós participantes, as súas experiencias e aprendendo, hasta chegar á saturación de datos esperada. Serán individuais, cara a cara, para poder observar a comunicación non verbal.

O participante será informado previamente sobre a confidencialidade e anonimato dos datos e sobre como serán as preguntas. Tamén recalcaremos que a participación é voluntaria e poden abandonar o proceso en calquera momento se o desexan.

A investigadora será neutral, escoitando e grabando as narracións sen interrupcións, axudando cas preguntas se a participante se colapsa, podendo cambiar a orde, engadindo outras a medida que vaia progresando a entrevista e desta maneira reconducir a entrevista se fose necesario.

A duración será duns 40-90 minutos, dependendo da produtividade de cada entrevista. Deberase crear un ambiente de confianza, tranquilo e sen interrupcións para evitar distraccións. Con estas entrevistas pretendemos recoller información dende a perspectiva das pacientes, as súas experiencias positivas e negativas, sensacións, expectativas e opinións persoais sobre onde lles gustaría que a situación comunicativa fose mellor, por exemplo. (ANEXO I) Ditas entrevistas serán gravadas e transcritas para logo ser analizadas. A medida que transcorra a entrevista será de vital importancia ir fixándonos na linguaxe non verbal para ir apuntándoo nas nosas notas, e remarcar en que punto xurdiron.

vii) ANÁLISE DE DATOS COAS SÚAS LIMITACIÓNS

Unha vez alcanzada a saturación dos datos pasaremos á análise.

Para comezar, debemos de prestar moita atención en salvagardar todo o material acadado, faremos copias de seguridade das gravacións, pasaremos as anotacións, tamén lle faremos copia para así evitar problemas por posibles danos ou perdas.

Unha vez teñamos os datos gardados e analizados, realizaremos unha transcripción das entrevistas mediante o método de Colaizzi, que nos levará a unha análise rigurosa onde o resultado final é unha descrición concisa e completa. Este método consta de 7 fases: (20)

1- Familiarización: escoitaremos as gravacións varias veces para familiarizarnos así cos datos.

2- Identificar declaracións significativas: escoitando de novo as gravacións das entrevistas, realizaremos a transcripción e engadiremos tamén as notas de campo que recollemos durante as entrevistas que son de relevancia directa con respecto ós aspectos non verbais e á impresión da investigadora.

3- Formulación de significados: o investigador lerá de maneira coidadosa as transcripcións e así identificará os significados relevantes do fenómeno estudado.

4- Redución: agruparemos os temas comúns que non se axusten ó estudo e elimináremoslos.

5- Codificación: condensaremos os nosos datos en unidades analizables.

6- Producción da estrutura: as definicións e datos previamente codificados agruparanse en categorías ou temas.

7- Verificación da estrutura: representaremos graficamente as relacións entre categorías .

Utilizaremos como axuda a ferramenta de software para a análise de datos, que nos servirá de axuda no proceso de codificación e categorización. O software escollido é Atlas ti, que pode resultar útil para buscar frases, palabras, asociar códigos, organizar e tamén obter informes resumidos dos datos máis significativos que emerxen da análise.

Unha vez rematada a análise de datos, redactaremos un informe de investigación, incluíndo os resultados, a discusión e as conclusións.

Limitacións

Unha das limitacións que nos podemos encontrar é a falta de participación, por medo a ser delatados, xuzgados e que isto repercuta na súa atención médica ou na do seu fillo.

Se esta situación se producise, levaríase a cabo un plan de continxencias, como pode ser ampliar á investigación a Xerencia de Xestión Integrada de A Coruña.

Deberemos ter en conta que tamén poden xurdir outras limitacións durante o desenrolo da investigación que solo percibiremos unha vez iniciado o estudo.

viii) RIGOR E CREDIBILIDADE

Cando nos enfrontamos á realización dunha investigación cualitativa pódenos xurdir algún reto como é demostrar que a interpretación que fixemos sobre a información recollida é veraz, xa que as crenzas e coñecementos do investigador poden provocar que a interpretación varíe.

Conseguiremos criterios de rigor e calidade seguindo uns procedementos descritos por Noreña. (21)

1. Credibilidade, autenticidade: lográmoslo cando os descubrimentos son recoñecidos como “reais” ou “verdadeiros” e axudarémonos verificando os resultados por parte dos participantes comprobando que se sinten identificados con esa realidade.
2. Transferibilidade, aplicabilidade: que consiste en poder transferir os resultados da investigación a outros contextos e lograrémolo cunha descrición exhaustiva do contexto e participantes. Aplicaremos un mostreo teórico para identificar factores comparables. Buscaremos unha saturación dos datos.
3. Consistencia, replicabilidade: a estabilidade de datos non está asegurada pero debemos procurala con procedementos como o emprego dun avaliador externo, descrición detallada do proceso de recollida, análise e interpretación dos datos, reflexividade do investigador...
